

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013059	CEIP de Viñagrande-Deiro	Vilanova de Arousa	2023/2024

Borrador

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	4
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	5
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	6
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	7
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	8
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	8
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	8
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	8
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	10
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	10
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	10
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	11
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	11
o) Outros apartados	12

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

Descrición

Segundo o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece ordenación e o currículo de educación infantil, a educación infantil contribuirá a desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
- e) Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, nas habilidades previas á lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.
- h) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.
- i) Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais da comarca e de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galega e da comarca.

EDUCACIÓN PRIMARIA

O centro educativo no que estamos inmersos contribúe de xeito activo a consecución dos obxectivos xerais de etapa propostos.

Segundo o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade autónoma de Galicia, a educación primaria contribuirá a desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan:

- a) Convivir de forma cívica, libre e empática, con respecto a conciliación dos distintos pensamentos, orientacións, culturas xerando un proceso de educación ética no alumnado, coa axuda ineludible das familias, dado que as familias xunto coa ANPA teñen unha importante presenza na escola, contribuindo a convivencia entre centro educativo e familias como se propón nas distintas referencias lexislativas., aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, prestar especial atención á comunicación non violenta por toda a comunidade educativa respectando a diversidade, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de grupo colaborativo, de esforzo e de responsabilidade, así como actitudes de confianza en si mesma, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito de mellora persoal, sen fomentar a competitividade.
- c) Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais con que se relacionan, prestando especial atención as actitudes empáticas e á comunicación non violenta.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.
- e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura,

mediante a motivación e respectando os ritmos madurativos do alumnado en todos os seus momentos.

- f) Adquirir, polo menos, nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá. Prevalecendo o carácter manipulativo destas aprendizaxes e a lóxica matemática.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, fomentando o interese pola investigación e respectando os centros de interese do alumnado.
- i) Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe, busca de información, elaboración de produtos finais... fomentando un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran, desenvolvendo hábitos de uso responsables.
- j) Fomentar a expresión artística persoal e libre, valorando as propias producións e as dos demais. Iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais relacionadas coas distintas modalidades artísticas.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Fomentar como hábitos saudables o descanso e o ocio.
- l) Coñecer e valorar aos seres vivos e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- n) Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- ñ) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

A adecuación dos obxectivos xerais de etapa será establecida polos mestres e mestras dos distintos ciclos, mantendo unha progresión lineal entre etapas, buscando unha progresión coherente.

b) A contribución á adquisición das competencias clave

Todas as propostas, actividades, tarefas, proxectos, dinámicas, etc, estarán encamiñadas ao desenvolvemento activo das diferentes competencias, formando ao alumnado competencialmente, ofrecéndolle as ferramentas precisas, para seren quen de enfrontarse a situacións da vida real, de forma autónoma.

As propostas educativas están relacionadas coa plenitude das competencias clave. O centro educativo é un centro bilingüe incluíndose a lingua inglesa na área de educación plástica, relacionado coas linguas, a lingua galega e castelá, enlácese nun proxecto lingüístico. O ensino das ciencias e das matemáticas parten da vertente vivenciada e manipulativa que estas áreas nos permiten.

En xeral, a contribución de todas as competencias facilitará persoas que podan valerse por si mesmos na vida diaria, desenvolvendo hábitos de mobilidade adecuada así como una relación positiva coa sociedade.

a) Competencia en comunicación lingüística (CCL): Esta competencia constitúe a base para o pensamento propio e para a construción do coñecemento en todos os ámbitos do saber. En ambas etapas implica mobilizar o conxunto de coñecementos, destrezas e actitudes que permiten comprender, interpretar e valorar criticamente mensaxes orais e escritas. Tamén se fomenta o uso da linguaxe oral como base para a adquisición da linguaxe escrita, que se materializan de xeito constante e diario a través de faladoiros, asembleas, exposicións, radio escolar, audiovisuais ...

b) Competencia plurilingüe (CP): na EI iníciase o contacto con lingua e culturas distintas da familiar. Na EP supón empregar progresivamente as distintas linguas de xeito apropiado para a aprendizaxe e a comunicación, aproveitando situacións reais e experienciais de aprendizaxes.

Para o desenvolvemento desta competencia desenvolveremos programas como Auxiliar de Conversa.

c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñeira (STEM): na EI o alumnado iníciase nas destrezas lóxico-matemáticas e dan os primeiros pasos cara ao pensamento científico a través do xogo, da manipulación e da realización de experimentos sinxelos. Na EP esta competencia garantirá o razoamento matemático en diferentes contextos, a comprensión e explicación da contorna a través da observación e experimentación e a aplicación dos coñecementos e metodoloxías aprendidas para resolver problemas relacionados coa vida cotiá e na sociedade nun marco de seguridade, responsabilidade e sustentabilidade.

Para o desenvolvemento desta competencia desenvolveremos actividades como: robótica, impresión 3D, matemáticas manipulativas, costura, carpintaría, experimentos, Club de Ciencias, Legos, electrónica ...

d) Competencia dixital (CD): Incorporamos as tecnoloxías e dixitalización de maneira progresiva e natural, cun enfoque competencial, respectuoso, crítico e inclusivo. Respectando os principios da nosa filosofía de escola, na etapa de Educación Infantil non potenciaremos o emprego de pantallas pero si recursos tecnolóxicos que favorezan a linguaxe oral, a experimentación e a creatividade (gravadoras, cámaras de fotos, radio, pezas sensoriais e constructivas con luz, lanternas, construcións con proxeccións, ...). Na etapa de primeiro e segundo de Educación Primaria, incorporárase o emprego de pantallas de forma progresiva, sen pretender substituír o seu uso aos proxectos vivenciais e manipulativos nas aprendizaxes. Progresivamente, planifícanse novos retos e obxectivos que leven ao alumnado ao dominio do campo dixital e tecnolóxico, facilitando a súa adaptación ao proxecto Edixgal da última etapa de educación primaria, quinto e sexto, buscando unha boa alfabetización informacional e destrezas tecnolóxicas traballando en proxectos de innovación educativa que se desenvolven no centro como, PLAMBE, EDIXGAL e Club de Ciencia, así como a recente participación no proxecto Polos Creativos.

e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA): Esta competencia implica, tanto para o alumnado de EI como o de EP, a capacidade de reflexión inclusiva para autoconecerse, identificar as emocións e sentimentos dos demais así como no desenvolvemento de actitudes de comprensión e empatía, colaborar coas demais persoas de forma construtiva e xestionar a aprendizaxe ao longo da vida.

Está é unha competencia básica na nosa escola, xa que ao traballar mediante a experimentación e a construción propia da aprendizaxe, é necesario que o alumnado sexa quen de verbalizar e expresar os seus propios procesos de resolución.

f) Competencia cidadá (CC): O alumnado desenvolverá un conxunto de habilidades cognitivas, emocionais e comunicativas, coñecementos e actitudes que, favorecen a aprendizaxe de actitudes baseadas nos valores de respecto, equidade, igualdade, inclusión e convivencia.

Foméntase con especial interese a empatía e a comunicación non violenta, así como a autorregulación do comportamento.

g) Competencia emprendedora (CE): O alumnado a través da curiosidade, iniciativa, imaxinación e proxectos cooperativos e a través da motivación, empatía e habilidades de comunicación e negociación, chegarán a adquirir un conxunto de valores e actitudes para afrontar os problemas e demorar a necesidade de satisfacción inmediata, aprendendo das experiencias e asumindo responsabilidades.

h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC): O alumnado comprenderá e respectará as ideas, opinións, os sentimentos e emocións, que se comunican de xeito creativo en distintas culturas e a través de distintas manifestacións artísticas, utilizándoas como fonte de enriquecemento e desfrute.

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

A orde do 3 de maio do 2023 aproba o calendario escolar para o curso 2023-24, e no artigo 8 e no anexo I menciónanse as conmemoracións. Estas, teñen unha estreita relación cos elementos transversais expostos do decreto curricular autonómico, malia que non implica que sexan traballados de xeito illado, xa os elementos transversais recollidos no artigo 17 do Decreto 155 deben traballarse ao longo de todo o curso escolar.

A comprensión lectora, expresión oral e escrita, comunicación audiovisual, a competencia dixital, a creatividade e o espírito científico traballárase en tódalas áreas, tanto dende as achegas a información para realizar un produto final, como elaborando documentos cos micro portátiles, o acceso á biblioteca do centro, xerando debates ou asembleas de aula no que a expresión oral sexa o factor prioritario, traballando o método científico como fases de un proceso do horto escolar... son claras accións que o centro propón para traballar estes elementos.

A igualdade é traballada en tódalas vertentes para non falar de integración senón tamén de inclusión de todos os

puntos de vista da totalidade de persoas que conforman un centro, partindo da diversidade do centro para poder valorar sociedades máis alonxadas da nosa realidade.

Prestar atención a educación emocional, así como a resolución pacífica de conflitos dende unha orientación educativa en base á acción tutorial. A convivencia e socialización entre o alumnado nas aulas é continua, sendo o claustro o responsable do acompañamento nunha convivencia positiva e non violenta.

Tamén se pon de manifesto a importancia dos elementos transversais dende o traballo en equipos nos ambientes, procesos ou contextos de aprendizaxe en grupos inter niveis, así como tamén en distintas conmemoracións como o día da paz e non violencia ou no Nadal, contribuíndo e definindo unha convivencia adecuada no centro educativo. Facendo fincapé no traballo de aula, con actividades de cohesión grupal e a relación eficiente.

A nosa escola presta especial atención á educación para a saúde adoptando medidas para que a actividade física e a dieta equilibrada, descanso, benestar emocional e ocio formen parte da práctica diaria dos alumnos e alumnas garantindo un desenvolvemento axeitado para favorecer unha vida activa, saudable e autónoma.

A educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible, fomentando a reutilización, a redución e a reciclaxe. Na escola cabe mencionar de xeito especial o traballo no horto, na que se poñen en boga os contidos anteriores.

A igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, é dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Tamén salienta a prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, baseados na condutas empáticas e na comunicación non violenta, así como na autorregulación da conduta.

Na práctica diaria evitaremos actitudes e comportamentos discriminatorios entre mulleres e homes, como base para previr as violencias sexistas.

Valorar a diversidade de xénero, de etnia, de identidade e de orientación sexual.

Utilizar unha linguaxe inclusiva e respectuosa coas minorías (nas asembleas, nos enunciados dos problemas, nos textos escritos...)

A educación emocional e en valores ofrecendo respostas a todas as dimensións da persoa, cognitivas, condutuais e afectivas para o desenvolvemento integral da persoa.

A acción tutorial potenciando o desenvolvemento integral do alumnado. Os nenos e as nenas deben consolidar as destrezas sociais, coñecerse e aceptarse, aprender a decidir e a resolver os seus problemas.

O fomento dos hábitos saudables, o fomento da creatividade, a autonomía, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico son outras medidas a traballar.

No centro traballaremos os diferentes elementos transversais de forma interdisciplinar e eses elementos formarán parte de todas as situacións de ensinanza-aprendizaxe que se desenvolven nas nosas aulas.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

No noso Centro desenvólvese unha metodoloxía viva e activa. Os aspectos que vertebran a nosa filosofía educativa de Centro son os seguintes:

- Acompañamento emocional da infancia.
- Vínculo.
- Respecto polos ritmos individuais.
- Inclusión.
- Respecto polos procesos de aprendizaxe (vivenciación, manipulación, simbolización, abstracción e xeneralización).
- O movemento.
- Arte en todas as súas linguaxes.
- Tempos para dar resposta aos intereses individuais.
- Tempos para o xogo libre.
- Aprendizaxe competencial.
- Respecto.
- Igualdade.
- Ecoloxía e sostibilidade.
- Habilidades de pensamento que propicien actitudes críticas, coidadosas e creativas.
- Sentimento de grupo e aprendizaxe colaborativa.
- Contacto coa natureza.
- Diálogo.
- Escolta.
- Tempos de calidade.
- Calma e goce.

- Participación activa das nenas e dos nenos na vida da escola (dar voz a través de asembleas e Consello Escolar da Infancia).

- Normas e límites.

Agrupamentos: Realízanse distintos tipos de agrupamento: gran grupo, pequeno grupo e propostas individuais. Nas especialidades(Educación Física, Inglés, Música e Plástica Bilingüe) e no momento dos Contextos de Aprendizaxe (Ciencias Sociais e Ciencias da Natureza), realizaranse agrupamentos interniveis, neste caso, entre o alumnado dos tres niveis de Educación Infantil, 1º e 2º de Educación Primaria, 3º e 4º de de Educación Primaria e 5º e 6º de Educación Primaria.

Matizar que neste curso realízanse de xeito habitual obradoiros de radio, audiovisuais, carpintaría, robótica, técnicas de estudo relacionados co programa de Polos Creativos e que se vincularán especialmente cos Contextos de Aprendizaxe.

Potenciamos o contacto coa natureza e empregaremos a contorna próxima como espazo de aprendizaxe (a praza, a praia, o monte, o espazo exterior da escola, invernadoiro...)

O movemento estará presente ao longo da xornada a través de actividades vivenciais e activas, máis alá das sesión de Educación Física.

Aprender facendo: Nestas etapas segue a ser importante e necesario tomar como punto de partida a vivenciación e a manipulación. Temos en conta e respectamos os seguintes procesos de aprendizaxe en todas as áreas: vivenciación, manipulación (fases), simbolización, abstracción e xeneralización.

Linguaxe oral: lévanse a cabo exposicións orais breves relacionadas con temáticas próximas e significativas para o alumnado.

Biblioteca escolar: A biblioteca funciona como un espazo de aprendizaxe e convivencia. Levanse a cabo distintas dinámicas como investigacións, tempo de lectura, tertulias dialóxicas, radio... Un dos obxectivos para o presente curso escolar é ampliar os espazo de lectura no exterior.

Desenvólvese unha metodoloxía globalizadora e cunha aplicación práctica na realidade máis próxima ao alumnado.

O mestre debe ser un guía da aprendizaxe, respectando as eleccións do alumnado cara a construción dos coñecemento propios, realizando propostas en base ao coñecemento do alumnado e respectando os ritmos individuais.

Úsanse metodoloxías combinadas que mellor se adapten a cada alumno e alumna: Montessori, Waldorf, OAOA, disciplina positiva, gamificación... As necesidades e benestar do alumnado deben estar por diante dos métodos pedagóxicos.

Tamén márcanse hábitos de traballo e rutinas, xa que o alumnado desta idade aínda necesita tempos fixos para poder organizarse.

Foméntase a autonomía e a elección de actividade, planificando todo o que precisa para realizar a tarefa.

Está latente a importancia do uso do material manipulativo, sendo este o camiño cara unha mellor comprensión e adquisición do pensamento abstracto.

Este curso implantanse técnicas de estudo en toda a primaria, habituando ao alumnado a utilizar estratexias e adquirir ferramentas que complementen e axuden na súa evolución educativa. Empregando esquemas, mapas conceptuais, rutinas de pensamento ...

No centro educativo non se traballa con libros de texto. En base ao currículo, realízanse tarefas, propostas estables, proxectos, caixas de investigación, traballo no exterior...

Salientar que a avaliación do alumnado non se realiza mediante exames, senón mediante rúbricas, observacións, portfolios, probas obxectivas, traballos colaborativos... valorando o proceso de Aprendizaxe sobre probas únicas.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

Debido á metodoloxía do noso Centro non temos libros de texto e dispoñemos dunha gran cantidade de material manipulativo.

É preciso puntualizar que o emprego de material non é un fin en si mesmo e non garante a consecución dos obxectivos, esixe dunha planificación e secuenciación ás que xa se fixo referencia no apartado anterior.

A distribución e colocación do material na aula favorecerá a accesibilidade para todo o alumnado, de tal xeito que lle resulte sinxelo collelo cando sexa necesario.

A utilización de material manipulativo precisa dunhas pautas de utilización, xa que non é material de xogo, polo que é preciso realizar unha serie de consideracións metodolóxicas de cara a facer un bo uso do mesmo:

- Consensuar co alumnado normas de uso seguro e coidado do material.

- O material presentárase para a súa exploración propoñendo actividades libres, que favorecen o coñecemento paulatino das súas cualidades: tamaño, textura, cheiro...

- Esa experimentación libre permitirá facer conxecturas sobre o seu posible uso e utilidades.
- Posteriormente realizaranse actividades e xogos orientados a unha experimentación máis profunda encamiñada ao obxectivo do seu uso.
- Unha vez pasadas as fases anteriores, o material pode ser usado de xeito convencional co fin de xerar coñecemento no alumnado.

Empregaremos diferentes recursos e materiais didácticos en función:

- Das necesidades educativas do alumando
- Da situación educativa do proceso de ensinanza - aprendizaxe
- Dos contidos e competencias que esteamos a traballar

Destaca no noso Centro o uso de xogos de mesa para traballar a lóxica, a estratexia, colaboración, as normas... Tamén se emprega a contorna máis próxima como espazo de aprendizaxe, a praia e o monte próximos ao Colexio,.. fomentando o traballo en contacto coa natureza.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

As familias, no momento de facer a matrícula e/ou ao principio de cada curso escolar, poderán optar polas ensinanzas de relixión e ou proxecto competencial.

Ademais ofértase Educación Plástica e Visual, en Lingua Inglesa de 3º a 6º de Educación Primaria.

Na etapa de Educación Infantil contamos cun Programa de Estimulación da Linguaxe Oral impartida pola mestra especialista en Audición e Linguaxe.

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

Para deseñar unha actividade complementaria as conmemoracións do calendario escolar dan pé á elaboración de moitas delas, un claro exemplo é a celebración do ENTROIDO, cunha saída a unha praza próxima para festexar a data sinalada.

Moitas saídas culturais teñen relación cos plans, programas ou proxectos nos que o centro está inmerso, como pode ser o programa XOGADE, as recollidas de lixo que teñen lugar pola contorna máis próxima do Centro e que propón o Equipo de Ecoloxía as saídas que planifica o Equipo de Biblioteca relacionadas ca PDI do Centro ou as distintas saídas a praia das Patiñas onde o alumnado do Centro realiza numerosas actividades.....

Porén, moitas outras saídas culturais parten dos distintos equipos de centro ou do profesorado buscando unha vinculación co currículo coa motivación que lle provoca ao alumnado estas accións.

Moitas veces as propostas de traballo que parten dos intereses e curiosidades espontáneas do alumnado, ás que se lle dan voz a través do Consello Escolar da Infancia do Centro.

Foméntase o coñecemento da contorna social e laboral a través de visitas a diferentes institucións e empresas públicas e privadas, así coma a oferta cultural e artística da contorna.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

NON É O CASO

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfase curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. (DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.)

Atendendo a Orde do 8 de setembro de 2021, o alumnado de educación primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso debe seguir un plan específico de reforzo, que ten como finalidade atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición. Este plan será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

O plan específico de reforzo incluirá:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

Criterios para a intervención co alumnado

Como norma xeral, o alumnado de reforzo traballará no seu grupo de referencia. Independentemente das intervencións previstas no plan individual en determinadas áreas, é responsabilidade de todo o profesorado que intervéñen na aula realizar un seguimento individualizado das actividades que se propoñen en clase.

O profesorado terá que reservar de forma sistemática momentos onde dirixirse ou achegarse ao alumno/a para:

- ü Asegurar a comprensión das explicacións.
- ü Constatar a realización das actividades.
- ü Detectar dificultades no proceso e propoñer alternativas.
- ü Motivalo/a a través da comparación do que era capaz de facer antes e o que pode facer despois de cada secuencia didáctica.
- ü Axudarlle á integración na dinámica do grupo.

Se pretendemos o éxito de todo o noso alumnado teremos que partir de altas expectativas de logro para todos/as, que no caso do alumnado con NEAE, deben ser ademais apropiadas á súa realidade. Isto significa que o profesor/a, na medida en que lle sexa posible, débelle proporcionar situacións de aprendizaxe planificadas e contextualizadas que, partindo do nivel en que se atope, propoñan actividades alcanzables para el/ela. É importante que o alumno/a non perda a motivación e sexa consciente do progreso das súas aprendizaxes en todo momento.

Teranse en conta as estratexias metodolóxicas que favorecen a participación activa de todo o alumnado e a construción da súa propia aprendizaxe: aprendizaxe cooperativa, titoría entre iguais, aprendizaxe por tarefas/proxectos, contrato didáctico, uso de tecnoloxías para a aprendizaxe e a comunicación, grupos interactivos...

Na selección de actividades priorizaremos aquelas que fomenten a interacción e o traballo conxunto, permitan diferentes niveis de resolución e de complexidade a partir dunha proposta global e favorezan o éxito de todo o alumnado, especialmente daqueles/as que teñen máis dificultades.

Para lograr o éxito do plan de reforzo é imprescindible a coordinación entre todos os e as profesionais que interveñen e que todos e todas actúen seguindo os mesmos criterios.

Acción Titorial

O feito de repetir curso pode provocar sentimentos de fracaso no alumno ou alumna polo que, ademais da titoría dirixida a todo o grupo, convirá desenvolver iniciativas específicas, con este alumnado, para compensar e axudar a reelaborar estes sentimentos. Establecer un vínculo afectivo positivo co alumno ou alumna vai ser un paso decisivo para facilitar o éxito plan de reforzo.

A titoría individualizada é unha estratexia moi útil para conseguir:

- Axudar ao alumno ou alumna a reelaborar ese posible sentimento de fracaso, evidenciando a oportunidade que ten de mellorar as súas aprendizaxes.
- Garantir a súa integración social no novo grupo.
- Axudarlle a entender o plan de recuperación que se lle propón e conseguir o seu compromiso con el/ela.

Avaliación do plan

No traballo de aula realizarase un seguimento personalizado de cada alumno e alumna por parte do todo o profesorado que intervéñen no grupo, con obxecto de comprobar a efectividade das accións planificadas ou a recondución, no seu caso, das mesmas. O equipo docente realizará un seguimento do grao de cumprimento do plan individual en cada sesión de avaliación e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda.

Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

O departamento de orientación asesorará ao equipo docente ao longo de todo o proceso, velando polo carácter inclusivo das accións deseñadas. Durante esta fase poñerase especial atención á colaboración coas familias, intercambiando información sobre o alumno/a e facendo o seguimento dos aspectos do plan acordados para o ámbito familiar.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión adoptarase de maneira colexiada atendendo aos seguintes criterios de promoción:

1. Será susceptible de non promocionar o alumnado que non supere tres ou máis materias.
 2. Nos casos anteriores, o equipo docente decidirá sobre a promoción do alumnado tendo en conta os seguintes aspectos:
 - a) Aspectos emocionais e relacionais.
 - b) Evolución do alumno/a.
 - c) Análise xeral do grupo de referencia e do grupo do que pasaría a formar parte.
 - d) Grao de adquisición das competencias clave.
 - e) Informe da persoa titora.
 - f) Informe do DO.
- A promoción no resto de cursos da etapa será automática.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

O Equipo Docente outorgará unha mención honorífica ao alumnado que supere todas as áreas, que acade unha media aritmética de 9, como mínimo, ao rematar sexto de primaria e que tivera unha conduta favorable á convivencia ao longo de toda a súa escolarización.

l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

O profesorado desenvolverá o currículo establecido, segundo os Decretos de Educación Infantil (Decreto 150/2022, do 8 de setembro) e Educación Primaria (Decreto 155/2022, do 15 de setembro), mediante a programación didáctica de cada área. Contarán cos seguintes elementos:

- Introducción
- Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias.
- Relación de unidades didácticas coa súa secuencia e temporalización, que incluírán a parte do currículo da área, materia ou ámbito que se traballará e a relacións de instrumentos de avaliación.
- Metodoloxía: concrecións metodolóxicas, materiais e recursos didácticos
- Avaliación:
 - Procedementos para avaliar as programacións didácticas:
 - A través dos intercambios de información nas reunións de equipo de ciclo, nas reunións de claustro e nas reunións cos especialistas.
 - Facendo uso da recollida de información no anecdotario da aula e nos rexistros de seguimento da programación.
 - Revisión dos contidos desenvolvidos durante o trimestre, para valorar as necesidades ou os cambios a realizar.
 - Criterios de avaliación da programación. Ao remate do curso realizarase unha avaliación da programación atendendo a:
 - Grao de consecución dos obxectivos.
 - Adecuación das actividades ao alumnado ao que van dirixidos.
 - Adecuación e suficiencia dos recursos.
 - Adecuación do espazo.
 - Adecuación da atención á diversidade.
 - Valoración dos Proxectos Lector, Tic, Convivencia, Lingüístico ...
 - Temporalidade axeitada.
 - Implicación de todos os participantes.
 - Grao de satisfacción dos implicados. Nas reunións de ciclo faremos unha revisión de cada un destes puntos para tomar nota dos aspectos a mellorar ou cambiar da programación de ciclo, que recolleremos por escrito e engadiremos á memoria final.

Para a súa elaboración empregárase a aplicación informática PROENS. Nas reunións de inicio de curso, as familias faráselles un resumo da programación que contará cos seguintes puntos:

- Explicación da programación na páxina web
- Explicación dos obxectivos básicos da materia
- Mínimos esixidos para a superación da materia
- Criterios de avaliación e cualificación e mecanismos de revisión
- Elementos transversais
- Actividades complementarias

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

Atendendo a autonomía pedagóxica e organizativa do centro, dicir que este participa en distintos plans e proxectos, ofertados pola Consellería de Educación e outras entidades.

Os criterios para a participación nos PFPP, Contratos Programa, Club de Ciencias, Bilingüe, Plambe, Plan Dixital, Xogade, Plan Proxecta, ... son os seguintes:

- Información ao Claustro
- Información á CCP
- Analixe do proxecto:
 - Obxectivos do centro.
 - Motivación do profesorado e alumnado
 - Vinculación coa metodoloxía
 - Detección de necesidades
 - Planificacións medio, longo e curto prazo
 - Inquedanzas ou necesidades de formación
 - escoita ou propostas familiares
 - Necesidades de resposta a diversidade
- Compromiso da implicación no proxecto por parte do profesorado
- Información ao Consello Escolar

Tamén vemos a necesidade de contar con mais propostas relacionadas coa sensibilización do alumnado e do profesorado na diversidade afectivo-sexual para previr conductas homófobas nas aulas e traballar a igualdade nas aulas para evitar actitudes e condutas machistas.

En resumo o Centro participara nos proxectos, plans e programas ofertados seguindo os criterios expostos e prestando especial atención a:

- Que se atope dentro da liña metodolóxica do centro e sexa acorde coa mesma.
- Que os temas tratados sirvan para mellorar o proceso e ensinanza - aprendizaxe do alumando e do profesorado
- Que dean respostas ás preguntas, inquedanzas, necesidades do alumando, do profesorado e das familias.
- Que reforcen ou melloren a idea educativa do centro

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular, realizarase de xeito anual, mantendo así dito documento actualizado fronte ás modificacións que sexa preciso realizar.

Cabe destacar que sempre se axustará o seu contido ás novas modificacións legislativas que vaian xurdindo.

A avaliación da concreción, ten como finalidade adaptarse ás necesidades e características tanto do centro educativo como do profesorado e alumnado.

Será necesario revisar esta concreción, avaliándose obxectivamente e modificando aqueles apartados que cambiaron en función das necesidades do centro, do profesorado e do alumnado.

o) Outros apartados

1. 1. PROXIMAS APORTACIÓNS

NON PROCEDE

Borrador